



NOVIDADES DA PRESCRICIÓN ENFERMEIRA

O pasado 15 de xullo publicouse no DOG a **Orde de 9 de xullo do 2021** pola que se regula e se inicia o procedemento para a acreditación das/dos enfermeiras/os para a indicación, uso e autorización da dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano.

Desde o SERGAS nos informan que, logo de realizar a acreditación de oficio de máis de 16.000 enfermeiras/os de toda a Comunidade Autónoma, tanto do ámbito público como privado, que a partires de hoxe **1 de outubro, procederase a activación da e-receita para as/os enfermeiras/os.**

Esta posibilidade iniciase neste momento **só para a Atención Primaria**. Na Atención Hospitalaria irase poñendo en marcha a continuación e de forma progresiva.

Unha vez acreditadas para tal efecto as/os enfermeiras/os de Galiza poderán indicar, usar e autorizar a dispensación de:

- Produtos sanitarios.
- Medicamentos non suxeitos a prescripción médica.
- Medicamentos suxeitos a prescripción médica, que aparecen na resolución do BOE de 20 de outubro de 2020 e que se refire aos implicados nas feridas.

Para máis información diríxete aos locais de CIG-Saúde